



Historia da Arte é unha materia específica do 2º curso de Bacharelato da **modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais**.

A materia ten por **obxecto de estudo** a obra de arte como produto da actuación humana nas diferentes sociedades e culturas ao longo do tempo. O estudo da historia da arte debe achegar ao alumno os coñecementos necesarios para analizar, interpretar e valorar a arte a través da linguaxe das formas e do pensamento visual.

En relación aos contidos, o alumnado realizará un percorrido pola historia da arte, dende a Antigüidade Clásica ata a actualidade, a través das obras pictóricas, escultóricas e arquitectónicas máis representativas dos diferentes estilos, sempre estudadas no seu contexto histórico, social e cultural. Os bloques temáticos nos que se encadran as obras son os seguintes:

BLOQUE 1: Raíces da arte europea: o legado clásico

BLOQUE 2: Nacemento da tradición artística occidental : a arte medieval

BLOQUE 3: Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno

BLOQUE 4: O século XX: a arte nun mundo en transformación

BLOQUE 5: A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX

BLOQUE 6: A universalización da arte desde a segunda metade do século XX

A materia é rica en achegas ao **coñecemento competencial**. A competencia clave de conciencia e expresións culturais recibe un tratamento moi específico, relacionado cos contidos que son propios da historia da arte. A competencia social e cidadá desenvólvese tamén en tanto que a arte reflicte as ideoloxías, as estruturas económicas e políticas e as formas de organización social que conforman as sociedades. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e procedimentais da materia.

Respecto **ás probas de acceso ás ensinanzas universitarias** oficiais de grao do sistema universitario, a materia da historia da arte ten un **parámetro de ponderación** de 0,2 na totalidade de graos da rama de Artes e Humanidades e na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas pondera 0,2 en graos como Educación Infantil e Primaria, Educación Social, Pedagogía, Turismo ou Xornalismo.